



SAÚDO DO SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE, JOSÉ RAMÓN LETE LASA, PARA O 30º ANIVERSARIO DA AGP

Aínda que moitos poidan ver ó billar coma unha disciplina deportiva non demasiado antiga, a realidade é que a súa orixe remóntase moi atrás. Antes de que se fundase o primeiro club de fútbol, por exemplo, xa se celebrara o primeiro torneo de billar (1825) en Reino Unido. Sin embargo, é verdade que pese a ser un deporte con bastante antigüidade, segue a día de hoxe a considerarse pola maioría da xente coma un deporte minoritario, o cal pon máis énfase se cabe na importancia dunha entidade coma a Asociación Galega de Billar Pool.

O mérito non está en cumprir 30 anos, o verdadeiro mérito atópase en facelo da forma en que a AGP o fai. Nacida da ilusión dos aficionados ao pool por dignificar este deporte, conseguiu en colaboración coa Federación achegar esta disciplina a todos os recunchos da nosa xeografía, sacando a relucir o talento galego e convertendo Galicia na primeira potencia a nivel nacional nesta disciplina.

Mostra da grandeza desta entidade son a cantidade de campionatos de relevancia organizados por todo o país, marcando época, cambiando a maneira de ver o billar entre a nosa sociedade e reunindo a referentes deste deporte a nivel nacional e internacional, dando a posibilidade ós nosos deportistas de aproximarse a eles e aprender dos mellores.

Dende a primeira edición do Campionato Galego de Billar Pool, na que participaron tan só 32 xogadores xa pasaron moitas edicións, e o duro esforzo dos organizadores fixo que a día de hoxe sexa o campionato máis importante a nivel nacional, congregando cada ano a máis de 700 deportistas en todas as categorías e modalidades. Tamén do traballo da Asociación Galega de Billar Pool apareceron moitos dos grandes xogadores do noso país, dándolles a oportunidade de viaxar a torneos internacionais e levando a nosa bandeira polo estranxeiro, todo un orgullo para o deporte galego.

Por todo o mencionado anteriormente e moito máis, desexo felicitar ao seu presidente, Carlos Iglesias polo seu traballo, así como a todas as entidades que colaboran coa AGP e que fan cada día que Galicia sexa máis grande neste deporte. Dende a Secretaría Xeral para o Deporte e a Xunta de Galicia, desexámosvos os nosos parabéns por 30 anos de éxitos e por outros tantos que virán.